XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 21·22

INFORME DE IMPACTO DE XÉNERO RELATIVO AO PROXECTO DE LEI PARA A IGUALDADE EFECTIVA DE MULLERES E HOMES DE GALICIA

Solicitante: Consellería do Promoción do Emprego e Igualdade. Secretaría Xeral Técnica

Expediente: 2022/154

FEITOS

1. Con data 28 de novembro do 2022 esta Secretaría Xeral recibe solicitude de informe de impacto de xénero relativo ao proxecto de Lei para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes de Galicia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

NORMATIVA DE REFERENCIA

1. Normativa de referencia no ámbito internacional e europeo: Tratado da Comunidade Europea (TCE) e o artigo 23 da Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea. Convenio para a protección dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais do 4 de novembro de 1950. Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller, feita en Nueva York o 18 de decembro de 1979. Convenio do Consello de Europa sobre prevenci´pn contra a violencia contra a mullere e a violencia doméstica, feito en Estambul o 11 de maio de 2011. Directiva

SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE
CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DE EMPREGO E IGUALDADE

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 545 371
xestion-contable.igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal

CVE: Mkm0RMiQH0g0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2006/54/CE del Parlamento Europeo y del Consejo, do 5 de xullo de 2006, relativa a la aplicación del principio de igualdade de oportunidades e igualdade de trato entre homes e mulleres en asuntos de emprego e ocupación (refundición), e o resto de dereito e europeo, e os tratados internacionais ratificados por España.

2. Normativa de referencia no ámbito estatal: Constitución española do 29 de decembro de 1978 artigo 14. Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, artigos 14 e 15 que establecen os criterios de actuación dos poderes públicos e o mandato de transversalidade do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes.

3. Normativa de referencia no ámbito autonómico: Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia artigo 4. Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico.

PERTINENCIA DO INFORME

1. A emisión de informes de impacto de xénero está regulada segundo o disposto no no artigo 7 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (en diante, Decreto lexislativo 2/2015), no que se indica que "*Os proxectos de lei presentados no Parlamento galego pola Xunta de Galicia irán acompañados dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo órgano competente en materia de igualdade. Se non se acompaña ou se se trata dunha proposición de lei*

CVE: Mkm0RMiQH0g0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

presentada no Parlamento galego, este requirirá, antes da discusión parlamentaria, a súa remisión á Xunta de Galicia, quen ditaminará no prazo dun mes; transcorrido este prazo a proposición seguirá o seu curso".

2. Este informe é preceptivo.

3. Este proxecto de lei ten por obxecto *"reforzar o compromiso da Comunidade Autónoma de Galicia na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade de xénero"*. Este reforzamento é necesario debido aos numerosos cambios lexislativos e regulamentarios que afectan a igualdade e tendo en conta a necesidade de procurar unha normativa mais completa e adecuada para facer fronte ás necesidades existentes na nosa comunidade autónoma. O texto define os conceptos básicos, establece o marco de colaboración coas entidades locais no ámbito da igualdade; contempla as singularidades das mulleres rurais e do mar, lexisla as condicións de igualdade no emprego na Administración xeral e o Sector Público autonómico, deseña a organización da igualdade dentro da Xunta e establece garantías institucionais adicionais para a defensa e promoción dos dereitos de igualdade de xénero, atribuíndo competencias específicas á Valedoría do Pobo.

4. Este proxecto foi xestionado desde a Secretaría Xeral da Igualdade, consensuado cos distintos departamentos da Administración Xeral e do Sector público de Galicia.
5. A memoria que acompaña ao proxecto, e a exposición de motivos xa destacan polo miúdo os principais avances e os novos compromisos da Comunidade Autónoma de Galicia na eliminación da discriminación entre

CVE: Mkm0RMiQH0g0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

mulleres e homes, polo que non procede repetir o seu contido, ao que se remite este informe.

De acordo con todo o indicado, INFORMO:

Que o proxecto de lei é positivo para a promoción da igualdade de xénero e a protección de toda clase de violencia contra as mulleres.

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica
A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella

Asinado por: LOPEZ ABELLA, SUSANA
Cargo: Secretaria Xeral
Data e hora: 01/12/2022 13:57:17

CVE: Mkm0RMiQH0g0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve